



# OFERTA EDUCATIVA 25/26

**CASA DAS  
CIENCIAS**

**DOMUS**

**AQUARIUM  
FINISTERRAE**



# PLANETARIO DIXITAL

O PLANETARIO DIXITAL PROPORCIONA IMAXES E RECURSOS ESPECTACULARES PARA VIAXAR POLO SISTEMA SOLAR OU EXPLORAR AS PROFUNDIDADES DO UNIVERSO. E, POR SUPOSTO, PARA COÑECER OS SEGREDOS DA NOITE ESTRELADA TAL E COMO A VEMOS DESDE A TERRA.



## ASTRONOMÍA EN DIRECTO

Unha sesión de planetario para descubrir os astros que podemos observar na época na que facedes a visita. Ademais respondemos ás vosas preguntas nunha conversa ilustrada con todos os recursos audiovisuais do planetario.

**Duración: 45 minutos**  
**Idade: maiores de 8 anos**



NOVO

## A GRAN AVENTURA DO SISTEMA SOLAR

Un programa que convida a unirse a unha extraordinaria aventura polo noso sistema solar nun percorrido que revela as marabillas e os perigos dos planetas da nosa veciñanza espacial.

**Duración: 25 minutos**  
**Idade: de 6 a 13 anos**



## HAZELNUTS

A historia de como dous esquíos, Nino e Lilli, farían calquera cousa por conseguir abelás (hazelnuts, en inglés). E máis aínda por conseguir superabelás, que é o que cren que haberá nos brillantes planetas que poden ver todas as noites no firmamento. Así é que se embarcan nunha aventura para intentar alcanzalos.

**Duración: 25 minutos**  
**Idade: de 4 a 7 anos**



CASA  
DAS CIENCIAS  
**PLANETARIO**

DOMUS

AQUARIUM  
FINISTERRAE

INFORMACIÓN  
VISITAS  
ESCOLARES



DISPOÑEMOS DOUTROS PROGRAMAS  
ADAPTADOS A CALQUERA NIVEL





## CASA DAS CIENCIAS EXPOSICIÓNS

DOMUS

AQUARIUM  
FINISTERRAE

INFORMACIÓN  
VISITAS  
ESCOLARES

### EXPLORATORIUM

Módulos interactivos nos que explorar fenómenos relacionados coa luz, o son, a cor ou as forzas magnéticas. E tamén para aprender a facer preguntas e buscarlles resposta.



### PITIÑOS

A nova incubadora de ovos permite ver o proceso de eclosión do ovo e o nacemento de pitiños de galiña.

NOVO




### O UNIVERSO DE FREDO

Unha mostra retrospectiva con imaxes de Alfredo Madrigal, un dos grandes astrofotógrafos da súa xeración.

### A ASTRONOMÍA COMO CHA CONTAN

Meteoritos, fósiles de dinosauro, fragmentos dunha nave espacial soviética ou dos paneis do telescopio espacial Hubble forman parte desta exposición sobre a forma en que asimilamos noticias de astronomía a través dos medios de comunicación.



### PURO SWING

Unha exposición sobre péndulos cos que xogar e aprender a facer música, columpiarse dunha maneira diferente ou sentir no teu corpo as propiedades dos sistemas caóticos. Ademais dunha explicación do funcionamento do famoso botafumeiro.



# mini domus

UNHA EXPOSICIÓN INTERACTIVA PENSADA ESPECIALMENTE PARA O PÚBLICO INFANTIL. AQUÍ A CIENCIA E A TECNOLOXÍA DESCÓBRESE A TRAVÉS DO XOGO, A EXPLORACIÓN E A CREATIVIDADE.

NOVO

Inclúe sete espazos diferentes onde podes:

Explorar a presión do aire lanzando pelotas por distintos percorridos e descubriendo cal é o máis rápido.

Xogar coa luz e as cores, creando obras luminosas con tubos de cores.

Construír e experimentar con engrenaxes, poleas e manivelas.

Probar o equilibrio e a gravidade, montando estruturas en superficies con diferentes ángulos.

Montar máquinas móbiles con rodas, eixos, cordas e circuítos en zigzag.

Dar forma a ideas con pezas de construción, usando rodas, soportes e roscas de ás.

Deixar voar a imaxinación creando mundos con grandes bloques: desde dinosauros ata naves espaciais.



DOMUS  
EXPOSICIÓN

CASA  
DAS CIENCIAS

AQUARIUM  
FINISTERRAE

INFORMACIÓN  
VISITAS  
ESCOLARES



# Intelixencia Artificial

A INTELIXENCIA ARTIFICIAL CHEGA Á DOMUS PARA COMPLEMENTAR OS CONTIDOS EXPOSITIVOS DO MUSEO, OFRECENDO UNHA EXPERIENCIA QUE CONVIDA AO PÚBLICO A COÑECER AO SER HUMANO DESDE NOVAS PERSPECTIVAS.

Poderás explorar dous novos módulos interactivos:



## HISTORIA DA IA

A través dunha liña do tempo visual e lúdica, coñecerás como chegamos ata aquí e como a IA transformou a nosa forma de vivir, traballar, aprender e comunicarnos.



## EMOCIONARTE

Que pasaría se unha máquina puidese pintar o que sentes? Neste módulo, poderás elixir as túas emocións do día e ver como un modelo de IA xenerativa transfórmaas nunha obra de arte abstracta. Cada imaxe unirase a unha gran galería colectiva, que crece coas experiencias doutras persoas.

DOMUS  
EXPOSICIÓN

CASA  
DAS CIENCIAS

AQUARIUM  
FINISTERRAE

INFORMACIÓN  
VISITAS  
ESCOLARES





DOMUS  
EXPOSICIÓN

CASA  
DAS CIENCIAS

AQUARIUM  
FINISTERRAE

INFORMACIÓN  
VISITAS  
ESCOLARES

# TALENTOS INCLUSIVOS

NOVO

UN PROXECTO EDUCATIVO QUE UNE CIENCIA, TECNOLOXÍA E INCLUSIÓN PARA DESCUBRIR COMO A TECNOLOXÍA PODE SER UNHA FERRAMENTA PARA FACER A VIDA MÁIS FÁCIL E COMO O TRABALLO COLABORATIVO BUSCA O BENESTAR DE TODAS AS PERSOAS.

Os módulos que se presentan na Domus abordan proxectos sobre fogares intelixentes, actividades de rehabilitación, xogos adaptados, produtos personalizados con impresión 3D, acceso a dispositivos dixitais e sistemas de comunicación alternativa. Son solucións creativas feitas por e para persoas, coa tecnoloxía ao servizo da inclusión.

Talentos Inclusivos é un proxecto do CITIC (Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions) da Universidade da Coruña e ASPACE.





DOMUS  
CINEMA

CASA  
DAS CIENCIAS

AQUARIUM  
FINISTERRAE

INFORMACIÓN  
VISITAS  
ESCOLARES

# CLAQUETA CIENTÍFICA

Asómate  
á pantalla xigante  
da Domus




## DESCUBRE CON TADEO

Tadeo Jones é un guía ideal, entrañable, divertido e popular que nos mostra o traballo que realizan os centros de investigación en España. O intrépido explorador, protagonista da película de animación máis taquilleira da historia do cinema español, viaxará a diversos enclaves nacionais como as Covas de Altamira, o Parque Natural de Doñana, a Serra de Atapuerca, o Buque de Investigación Oceanográfico ou o Gran Telescopio de Canarias, entre outros.

**Duración:** 20 minutos

**Nivel educativo:** Educación Infantil e ata 4º de Educación Primaria



## THE MELTING POINT

En menos de 50 anos todos os glaciares do Pirineo desaparecerán. Por iso, estudalos e comprendelos antes de que desaparezan é o reto actual. Eses son os principais argumentos sobre os que trata este documental da man de persoas aragonesas expertas en glacioloxía.

Premio Prismas 2021

**Duración:** 29 minutos

**Nivel educativo:** 5º e 6º de Educación Primaria, Educación Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos





DOMUS  
ACTIVIDADES  
E TALLERES

CASA  
DAS CIENCIAS

AQUARIUM  
FINISTERRAE

INFORMACIÓN  
VISITAS  
ESCOLARES

# LABORATORIO ABERTO

## PCR: INVESTIGAMOS A ESCENA DO CRIME

Experimentando coa técnica da PCR (reacción en cadea da polimerasa), o alumnado poderá simular a elaboración de perfís de ADN tal e como se realizan habitualmente nos laboratorios forenses.

**Duración: 2 horas e media**  
**Nivel educativo: Bacharelato e Ciclos Formativos**

GRUPOS DE 30 PERSOAS COMO MÁXIMO

## DISECCIÓN EN DIRECTO

**Duración: 1 hora**  
**Nivel educativo: Educación Primaria, Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos**

GRUPOS DE 30 PERSOAS COMO MÁXIMO

## XPERIMENTA COAS FLORES

Cada estudante realizará a súa propia disección de flores con todo o equipo científico que se utiliza ao investigar a natureza.

**Duración: 1 hora**  
**Nivel educativo: 3º a 6º de Primaria**

GRUPOS DE 30 PERSOAS COMO MÁXIMO

## ARTISTAS DA PREHISTORIA

Un taller no que converterse en artista prehistórico e coñecer os materiais, técnicas e temas favoritos dos nosos antepasados.

**Duración: 1 hora y media**  
**Nivel educativo: Educación Primaria (3º a 6º) y Educación Secundaria (1º e 2º)**

GRUPOS DE 30 PERSOAS COMO MÁXIMO

UN ESPAZO PARA VESTIR A BATA DE LABORATORIO, POÑER AS LENTES DE SEGURIDADE E MANEXAR OS INSTRUMENTOS QUE UTILIZAN OS CIENTÍFICOS E AS CIENTÍFICAS NO SEU DÍA A DÍA, DESDE MICROPIPETAS A CENTRIFUGADORAS, PASANDO POR AXITADORES, BÁSCULAS, TUBOS E MOITO MÁIS.

## BOCADOS

Un taller para descubrir a nutrición como nunca a viras. Exploraremos os cereais, faremos cociña molecular e aceptaremos o reto dun concurso moi saboroso.

**Duración: 1 hora e media**  
**Nivel educativo: 5º de Primaria a 2º de ESO**

GRUPOS DE 30 PERSOAS COMO MÁXIMO

## COMO SE DESENVOLVEN OS FÁRMACOS?

Para participar na síntese dun novo fármaco que se está investigando para o Parkinson.

**Duración: 2 horas**  
**Nivel educativo: Educación Secundaria (3º e 4º ESO), Bacharelato e Ciclos Formativos**

GRUPOS DE 30 PERSOAS COMO MÁXIMO

## EXPLORADOMUS ESCOLA

A cociña é un laboratorio de ciencia! Un taller para explorar a ciencia máis próxima.

**Duración: 1 hora e media**  
**Nivel educativo: Educación Primaria (1º e 2º)**

GRUPOS DE 30 PERSOAS COMO MÁXIMO





## DOMUS ACTIVIDADES E TALLERES

CASA  
DAS CIENCIAS

AQUARIUM  
FINISTERRAE

INFORMACIÓN  
VISITAS  
ESCOLARES

## maker @ domus

O ESPAZO DA DOMUS PARA EXPERIMENTAR A CULTURA MAKER, APRENDER TECNOLOXÍA CON MATERIAIS SINXELOS E SOBRE TODO CON MOITA IMAXINACIÓN. UNHA OPORTUNIDADE ÚNICA PARA «PENSAR COAS MANS».

Impartimos os talleres adaptándoos ás necesidades, coñecementos e habilidades de cada grupo e de cada alumna e alumno.

Ademais destes talleres “listos para usar”, o profesorado interesado noutros talleres ou temáticas concretas pode poñerse en contacto co equipo de maker@domus para estudar outras posibles opcións.

Dispoñibles os seguintes talleres “listos para usar”:

### ELECTRÓNICA\_TEXTIL @DOMUS

Neste taller o alumnado traballa con materiais novos e sofisticados como fío condutor ou LEDs, para deseñar e construír unha creación que ten elementos de arte, tecnoloxía e artesanía. Durante a actividade poden ir definindo e afinando o aspecto final que terá a súa creación. Para aproveitar mellor o taller, é aconsellable (aínda que non imprescindible) que o alumnado teña uns coñecementos básicos de electricidade.

**Martes de 11:00 a 13:00 h.**  
**Duración: 120 minutos**  
**Nivel educativo: 1º, 2º, 3º e 4º de ESO**

GRUPOS DE 25 PERSOAS COMO MÁXIMO

### CIRCUÍTOS@DOMUS

Un taller para experimentar con baterías, lámpadas, timbres, interruptores, e moitos outros compoñentes eléctricos. Axuda ao alumnado a comprender o mundo da electricidade, e descubrir como funcionan obxectos cotiáns.

**Martes de 11:00 a 12:30 h.**  
**Duración: 90 minutos**  
**Nivel educativo: 5º e 6º de Primaria; 1º e 2º de ESO**

GRUPOS DE 25 PERSOAS COMO MÁXIMO

### AUTÓMATAS\_DE\_CARTÓN @DOMUS

Deseña e constrúe un mecanismo con levas e seguidores que che pode servir de base para contar unha historia. O taller é un camiño de ida e volta continua entre a historia que queremos contar e o deseño do mecanismo que mellor se adapte ao relato que imaxinas.

**Martes de 11:00 a 13:00 h.**  
**Duración: 120 minutos**  
**Nivel educativo: 5º e 6º de Primaria; 1º, 2º, 3º e 4º de ESO**

GRUPOS DE 25 PERSOAS COMO MÁXIMO

### ROBOTS\_GARABATEADORES @DOMUS

O taller empeza construíndo un dispositivo móbil baseado nun motor vibrador, que rexistra o seu percorrido sobre a mesa, describindo formas caóticas inesperadas e garabatos increíbles. Un reto é conseguir “domar” o seu funcionamento traballando con pesos e contrapesos, modificando a súa forma e aspecto, o seu equilibrio ou variando calquera outro parámetro físico.

**Martes de 11:00 a 12:30 h**  
**Duración: 90 minutos**  
**Nivel educativo: 5º e 6º de Primaria; 1º e 2º de ESO**

GRUPOS DE 25 PERSOAS COMO MÁXIMO

### MATERIALES\_ESPACIAIS @DOMUS

O alumnado debe elixir o material máis adecuado para empregalo nunha parte dun proxecto espacial. Para iso terá que analizar as propiedades dun conxunto de probetas de materiais. Quizais ningún dos materiais cumpra completamente con todos os requisitos do proxecto, polo que terán que ser creativos e establecer un compromiso valorando cales son as propiedades máis importantes para este proxecto.

**Martes de 11:00 a 12:30 h.**  
**Duración: 90 minutos**  
**Nivel educativo: 5º e 6º de Primaria; 1º de ESO**

GRUPOS DE 25 PERSOAS COMO MÁXIMO





## AQUARIUM FINISTERRAE EXPOSICIÓNS

CASA  
DAS CIENCIAS

DOMUS

INFORMACIÓN  
VISITAS  
ESCOLARES



### SALA ISABEL CASTELO

#### FOTOGRAFÍAS DA NATUREZA 2025

NOVO

Presenta as imaxes galardoadas na última edición do concurso «GDT European Wildlife Photographer of the Year»

📅 De xuño a decembro de 2025

#### ANTROPOCENO

Exposición de fotografías sobre o antropoceno, a nova época xeolóxica definida polas modificacións ambientais creadas polo ser humano no noso planeta.

📅 De xaneiro a xuño de 2026

### SALA HUMBOLDT

#### SEXO AZUL

Presenta unha selección curiosa e divertida de especies que representan a variedade de estratexias reprodutivas dos animais acuáticos. Está formada por 20 módulos que inclúen dez acuarios nos que se mostran peixes e invertebrados mariños especialmente elixidos.



NOVO

### SALA MAREMAGNUM

Ademais de grandes acuarios, contén decenas de elementos museísticos que propoñen experiencias interactivas. Seguimos renovando os seus contidos, así que este curso incluiremos un xerador de ondas, unha plataforma de equilibrio para practicar surf e un novo sistema de identificación dixital para as especies dos nosos acuarios.

#### Lévate o póster “Preguntas indiscretas do acuario”

Só tes que traernos e entregar en recepción un conxunto de preguntas que o teu alumnado fai na aula e que están relacionadas coa crise ambiental, especialmente a mariña, que estamos a vivir.





## AQUARIUM FINISTERRAE EXPOSICIÓNS

CASA  
DAS CIENCIAS

DOMUS

INFORMACIÓN  
VISITAS  
ESCOLARES



### CORREDOR LÓPEZ SEOANE

Contén exposicións fotográficas sobre historia natural cuxo contido cambia periodicamente. Comezamos o curso coa exposición fotográfica titulada **«De auga e terra»** sobre anfibios galegos; os anfibios son o grupo zoolóxico máis ameazado do planeta.



### SALA NAUTILUS

O noso oceanario lembra o gabinete do capitán Nemo a bordo do Nautilus. Ao redor da sala de observación nadan os peixes de maior tamaño do acuario, como as varias especies de tiburóns, corvinas, seriolas, rodaballos, douradas, robalizas e meros. Tamén hai bancos de sardiñas e xardas.

### EXTERIORES

Neles expóñense pezas como a áncora do petroleiro Mar Egeo, que o 3 de decembro de 1992 encallou fronte á Torre de Hércules provocando unha marea negra, e bolouros glaciares. Ademais, nas piscinas viven actualmente tres machos e oito femias de *Phoca vitulina*.





## ITINERARIOS XERAIS

Os grupos escolares poderán reservar unha visita libre ao Aquarium ou complementala con algún dos nosos itinerarios e talleres.



SE O GRUPO SE ATRASA MÁIS DE 15 MINUTOS NA HORA DE CHEGADA, PERDE A OPCIÓN DE REALIZAR O ITINERARIO OU O TALLER ESCOLLIDO.



### VEÑEN OS PEQUES

Os grupos terán a posibilidade de reservar unha visita guiada, e adaptada ao seu nivel, polos nosos espazos expositivos.

**Duración: 90 minutos**

**Nivel educativo: Educación Infantil**

**GRUPOS DE 50 PERSOAS COMO MÁXIMO**

### MUNDO SUBMARINO

Os grupos poderán iniciar a súa visita cun itinerario polos acuarios da sala Maremagnum e finalizar cunha visita á sala Nautilus.

**Duración: 90 minutos**

**Nivel educativo: Educación Primaria**

**GRUPOS DE 50 PERSOAS COMO MÁXIMO**

### VIAXE AO NAUTILUS

Os grupos poderán complementar a súa visita cunha charla sobre as especies que habitan o maior tanque do acuario.

**Duración: 45 minutos**

**Nivel educativo: Educación Secundaria e Bacharelato**

**GRUPOS DE 50 PERSOAS COMO MÁXIMO**



AQUARIUM  
FINISTERRAE  
**ITINERARIOS  
E TALLERES**

CASA  
DAS CIENCIAS

DOMUS

INFORMACIÓN  
VISITAS  
ESCOLARES



## ITINERARIOS TEMÁTICOS



### BIODIVERSIDADE

Os grupos realizarán un itinerario pola sala Maremagnum mentres complementan a súa visita cunha charla sobre a biodiversidade e algúns dos conceptos máis importantes relacionados a través dos módulos e especies que mantemos en exposición.

**Duración:** 45 minutos

**Nivel educativo:** Terceiro ciclo de Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato

**GRUPOS DE 50 PERSOAS COMO MÁXIMO**



### VISITA «20.000 LEGUAS DE VIAXE SUBMARINA»

Está dirixida só a clubs de lectura que programen a famosa novela de Julio Verne entre as súas lecturas. Recibirán unha charla de contextualización e descrición do gabinete do capitán Nemo e da Sala Nautilus.

**Duración:** 30 minutos

**Nivel educativo:** Todos os niveis educativos

**GRUPOS DE 25 PERSOAS COMO MÁXIMO**



### SINAIS DE ALARMA

Os grupos realizarán un itinerario pola sala Maremagnum mentres complementan a súa visita cunha charla sobre algúns dos cambios ambientais que están a sufrir os océanos e que ameazan as especies que os habitan.

**Duración:** 45 minutos

**Nivel educativo:** Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato

**GRUPOS DE 50 PERSOAS COMO MÁXIMO**



PARA CLUBS DE LECTURA



AQUARIUM  
FINISTERRAE  
ITINERARIOS  
E TALLERES

CASA  
DAS CIENCIAS

DOMUS

INFORMACIÓN  
VISITAS  
ESCOLARES





## AQUARIUM FINISTERRAE ITINERARIOS E TALLERES

CASA  
DAS CIENCIAS

DOMUS

INFORMACIÓN  
VISITAS  
ESCOLARES



### TALLER / ITINERARIO

#### TIBURÓNS Á VISTA

Preséntanse aspectos destacables da bioloxía dos tiburóns e do seu estado de conservación. Para abordar a reprodución vístase o módulo onde se pode observar o desenvolvemento embrionario. Termina cunha visita ao Nautilus para identificar e recoñecer as cinco especies de tiburóns que mantemos no acuario.

**Duración: 60 minutos**

**Nivel educativo: todos os niveis educativos**



### TALLER

#### AS CHARCAS DA BAIXAMAR

Preséntanse as características xerais das charcas de marea e móstranse exemplos (estrelas de mar, cangrexos, peixes, etc) da biodiversidade destes espazos tan populares e das súas adaptacións biolóxicas.

**Duración: 45 minutos**

**Nivel educativo: todos os niveis educativos**



### TALLER

#### AS FOCAS DO ACUARIO

Coincidindo co momento en que se dá de comer ás focas, impártense charlas sobre as características destes mamíferos mariños e sobre o seu adestramento.

**Duración: 30 minutos**

**Nivel educativo: todos os niveis educativos**



GRUPOS DE 25 PERSOAS COMO MÁXIMO





## VISITAS ESCOLARES **NORMAS XERAIS**

PREZOS

COMO RESERVAR

CASA  
DAS CIENCIAS

DOMUS

AQUARIUM  
FINISTERRAE

- AO ACCEDER AO MUSEO, A PERSOA RESPONSABLE DO GRUPO DIRIXIRASE Á RECEPCIÓN PARA ORGANIZAR A VISITA. MENTRES TANTO, O GRUPO DEBERÁ PERMANECER NO EXTERIOR OU NO ESPAZO INDICADO POLO PERSOAL DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.
- O PERSOAL DOCENTE ACOMPAÑANTE SERÁ O RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DAS NORMAS DE VISITA AOS MUSEOS CIENTÍFICOS CORUÑESES.





VISITAS  
ESCOLARES  
PREZOS

NORMAS XERAIS  
COMO RESERVAR

- CASA  
DAS CIENCIAS
- DOMUS
- AQUARIUM  
FINISTERRAE



Os grupos escolares gozan de importantes descontos no acceso aos Museos Científicos Coruñeses.

| TARIFA VISITAS                                                                         | CONDICIÓNS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | CENTRO            | PREZO  |
|----------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|--------|
| GRATUÍTO                                                                               | <b>Grupos que fagan reserva previa nalgún destes casos:</b><br>Grupos de centros educativos do Concello da Coruña.<br>Grupos que nos visiten en xaneiro e febreiro.<br>Centros membros da Asociación de Amigos da Casa das Ciencias.<br>Profesorado que acompaña ao grupo escolar.<br>Alumnado con discapacidade física ou psíquica.<br>Grupos cuxo profesorado acompañante o día da visita asistise a unha reunión de preparación previa.<br>Menores de 4 anos. | Casa das Ciencias | 0 €    |
|                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | Planetario        | 0 €    |
|                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | Domus             | 0 €    |
|                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | Aquarium          | 0 €    |
|                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | Finisterrae       |        |
|                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |                   |        |
|                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |                   |        |
| TARIFA REDUCIDA                                                                        | <b>Grupos que fagan reserva previa e non se axusten a ningún dos casos de gratuidade do apartado anterior.*</b><br><br>* Se se visitan os tres museos o mesmo día, a sesión de planetario é gratis.                                                                                                                                                                                                                                                              | Casa das Ciencias | 1,03 € |
|                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | Planetario        | 1,03 € |
|                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | Domus             | 1,03 € |
|                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | Aquarium          | 4,12 € |
|                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | Finisterrae       |        |
| Taxas vixentes ata o 31.12.2025 segundo a Ordenanza Fiscal nº 16 do Concello da Coruña |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |                   |        |





## VISITAS ESCOLARES **COMO RESERVAR**

NORMAS XERAIS

PREZOS

CASA  
DAS CIENCIAS

DOMUS

AQUARIUM  
FINISTERRAE

1

Escolle as visitas e/ou actividades que queres levar a cabo co teu grupo escolar nos Museos Científicos Coruñeses.

2

Enche a folla de reserva que podes descargar nesta páxina.

↓ Folla reserva (galego)

↓ Folla reserva (castelán)

3

Envíanos a folla de reserva correspondente cuberta a:

✉ [reservas@casaciencias.org](mailto:reservas@casaciencias.org)



A RESERVA SÓ QUEDARÁ FORMALIZADA CANDO COMUNIQUEMOS A CONFIRMACIÓN DO NÚMERO EXACTO DE PRAZAS RESERVADAS, A DATA OU DATAS DE VISITA E O PROGRAMA DETALLADO.



MÁIS INFORMACIÓN



[reservas@casaciencias.org](mailto:reservas@casaciencias.org)



981 189 848